



Retallos de mundo: El Hierro, a illa de alma tranquila

11 de xuño 2023 [Xesús Constela](#)

https://www.pontevedraviva.com/gl/cultura/retallos-de-mundo-el-hierro-a-illa-de-alma-tranquila_345761_102/4025851.html

Antes de viaxar á **illa de El Hierro** e ficar para sempre namorado dela, simplemente sabía que se trataba da máis nova das Canarias, cunha actividade volcánica que a día de hoxe aínda insiste en transformala, a máis pequena, con apenas douscentos setenta quilómetros cadrados de superficie, e unha poboación que rolda os dez mil habitantes, e tamén a máis occidental e a máis meridional, así que cando por fin a visitei, case descoñecedor do que había de atopar, fíxeno coa impresión de que estaba a abrir unha caixa de sorpresas que **conseguiu superar as miñas expectativas como ben poucos lugares o fixeran.**

Foi tal a cantidade de atractivos que fun descubrindo que non sabería dicir cal de todos eles foi o que me deixou máis fascinado, quizais as piscinas naturais de augas cristalinas abertas entre rochas de formas difíciles de imaxinar, quizais a fermosura agreste das centenarias sabinas retorcidas polo vento, quizais a inmensa sequidade escura duns **escenarios volcánicos que parecen interminábeis**, ou quizais os miradoiros abertos a unhas paisaxes oceánicas inabarcábeis. O que si podo asegurar é que dende os primeiros momentos que pasei na illa sentín grata sensación de serenidade, porque coido que é moi importante subliñar o feito de que os seus habitantes parecen moi conscientes de que queren un turismo sustentábel que non deturpe o tranquilo transcorrer da súa vida, polo que non están dispostos a permitir que nada poida deteriorar un entorno único que coidan con auténtico esmero e está incluído na **Rede Mundial de Reservas da Biosfera.**

Pouco se sabe acerca dos primeiros habitantes de El Hierro, os *bimbaches*. Nin sequera se coñece a súa procedencia, aínda que se pensa que puideron chegar traídos polas correntes que arrastraron as súas embarcacións cando fuxían das terríbeis fames que **asolaban o Sáhara no século I**, ou incluso que por algún motivo foron deportados e abandonados á súa sorte na illa polos romanos, convencidos da súa morte segura nun territorio reseco e hostil no que non ían atopar a auga necesaria para a vida, pero non só foron quen de sobrevivir, senón que ademais deixaron un fermoso legado de petróglifos coñecidos como **Letreros del Julian** e unha lenda fascinante referida á árbore do Garoé.

Polo visto, unha filla do rei bimbache namorouse perdidamente dun daqueles conquistadores que chegaran para se apropiar da illa en nome da **coroa de Castela alá polo século XV**, e era tal o amor que sentía por el, que a moi parva acabou revelándolle o segredo máis celosamente gardado polo seu pobo, o recóndito emprazamento da árbore sagrada do Garoé, que entre as súas raíces almacenaba a auga que lles permitira sobrevivir ao longo de varias xeracións nun territorio no que non hai ríos nin mananciais.

Ao día seguinte os conquistadores puideron dar un primeiro paso no sometemento dos *bimbaches* simplemente porque lles arrebataron a súa árbore máis prezada ao mesmo tempo que **a filla do rei morría executada** en mans da súa propia familia, de ningunha maneira disposta a perdoar a traizón.

A **árbore do Garoé**, un maxestoso tileiro que condensaba de xeito extraordinario as humidades das nubes que subían polo val onde se atopaba, non moi lonxe da actual vila de Valverde, capital da illa, para destilala a través das follas xerando varias charcas entre as súas raíces, permaneceu en pé durante moitos anos máis até que en 1610 un furacán acabou con ela para sempre.

Con esta historia na cabeza, que me parece un exemplo perfecto da importancia da preservación dos recursos naturais, e como sabía que **El Hierro é a illa canaria coa meirande densidade de volcáns, máis de cincocentos cráteres a ceo aberto**, decidín comezar a miña visita polo sur, nun lugar chamado *El Lajial*, un territorio completamente ermo cunha paisaxe singular na que puideron observar diferentes tipos de estruturas volcánicas, como os *jameos* ou os *hornitos*, e abraiantes coladas de lava con forma de ondas que parecían recentemente solidificadas.

Dende alí, a través dunha empinada estrada de vertixinosas curvas que baixaba cara ao mar a través dun inmenso deserto volcánico, dirixinme a **Punta Orchilla, o lugar máis occidental e remoto da illa**, que tivo unha gran importancia histórica e cartográfica ao ser o punto por onde pasaba o meridiano cero até o seu traslado a Greenwich en 1885. Ten un imponente faro que marca un dos extremos do *Mar de las Calmas*, unha reserva mariña de gran biodiversidade que se estende até o porto pesqueiro de *La Restinga*.

Outro lugar que me deixou fascinado foi o coñecido como **Monumento Natural de Las Playas**, unha xigantesca dentada na terra provocada por unha serie de desprendementos masivos que colapsaron parte dos cantís máis novos da costa sueste da illa e deron como resultado un inmenso anfiteatro de nove quilómetros de lonxitude e máis de mil metros de altura que acada o seu punto máis fermoso no miradoiro de *Isora*, que se atopa no cumio e ofrece unhas vistas inmillorábeis dunha baía que nun dos seus puntos máis céntricos acolle o *Roque de la Bonanza*, unha curiosa formación rochosa de douscentos metros de altura erosionada e moldeada pola forza da auga e do vento.

Nunha costa tan agreste e batida polo mar coma a de El Hierro, os areais son practicamente inexistentes, pero aínda así podemos atopar pequenas praias como a de *Arenas Blancas*, a única da illa con areas que non son de orixe volcánica, ou a de *El Verodal*, que se estende pola base duns inestábeis acantilados nos que se producen frecuentes desprendementos de rochas e ten unhas augas con perigosas correntes nas que non está permitido o baño en ningunha época do ano. Natureza salvaxe en estado puro. Aínda que a min persoalmente **a praia que máis me gustou foi a de Tacorón**, unha pequena cala aberta no *Mar de las Calmas* en medio dun entorno de linguas de lava de diferentes tonalidades, que resultou ser o lugar ideal para gozar do contraste de cores cos que me agasallaron un mar dun azul intenso, unha area dun vermello case granate e uns cantís duns ocre fascinantes. O lugar ideal para deixar voar a imaxinación.

Esta ausencia de areais na illa vese compensada por toda unha serie de *charcos* abertos entre as rochas da costa que, ademais de ser lugares fermosísimos, son unhas marabillas piscinas naturais de augas tranquilísimas nas que refrescarse mentres se escoita o ruído das ondas a bater feroces contra os cantís. **Quedáronme gravados na memoria o Charco Manso**, rodeado dunha espectacular paisaxe negra con varios arcos de rocha volcánica sobre o mar, ou o *Charco Azul*, con transparentes augas de cor turquesa agachadas entre grandes muros de pedra escura que converten o baño nunha experiencia única.

Un día decidín afastarme por completo da costa, se é que iso é posíbel nunha illa tan pequena, e fun percorrer o interior, onde descubrín **o bosque de laurisilva de La Llanía**, que me deixou sorprendido pola súa espesura, debida á circunstancia de se encontra nun dos puntos máis elevados de El Hierro e case todos os días do ano está envolto por unha néboa procedente do océano que lle proporciona unhas óptimas condicións de humidade. Dentro deste verxel descubrín fermosos recunchos de nomes tan suxestivos como a explanada do **Bailadero de las Brujas**, onde, segundo a crenza popular, non medran a herba nin as árbores porque se trata dun lugar no que pola noite bailan as meigas, ou a *Hoya de Fireba*, un espectacular cráter de douscentos cincuenta metros de diámetro e cento dez de profundidade que constitúe unha das estruturas volcánicas máis importantes da illa.

Pero El Hierro aínda me tiña reservadas máis sorpresas, como a existencia dunha **especie endémica de lagartos xigantes**, algúns exemplares poden chegar a un metro de lonxitude, que no pasado habitaba ao longo de toda a superficie da illa, pero acabou ao borde da extinción por mor da actividade humana e a introdución de especies foráneas. Na actualidade consérvanse algúns exemplares en liberdade nos **Roques de Salmor**, uns promontorios que se erguen no mar en fronte da costa noroeste, e no *Ecomuseo de Guinea*, ao pé do imponente risco de *Tibataje*, que acolle un centro de recuperación onde se traballa na súa cría en cativeiro con vistas á liberación controlada de exemplares naqueles lugares onde se atoparon restos da súa existencia.

O ecomuseo, un recinto ao aire libre, resultoume un lugar moi interesante porque conserva perfectamente restauradas as vivendas dos primeiros poboadores de El Hierro e tamén algunhas construídas posteriormente polos colonizadores, así como moitos dos utensilios, as ferramentas e os mobles que utilizaban na seu día a día, polo que non me resultou difícil comprender **a extrema dureza da vida cotiá dos habitantes da illa na antigüidade** nun entorno hostil como hai poucos, e iso por non falar dos extraordinarios exemplares de lagarto que puiden observar no centro de recuperación, onde os seus traballadores non tiveron ningún inconveniente en darme todo tipo de explicacións acerca da repoboación, tema sobre o que non se amosaron precisamente optimistas.

O meu derradeiro día na illa dediqueino a **visitar as vilas de Valverde**, a capital, con apenas cinco mil habitantes e unha fermosa igrexa da Concepción, e *Frontera*, que ten un curioso campanario situado no monte de *Joapira*, un outeiro próximo ao templo da Candelaria, e despois subín á ermida de *Nuestra Señora de los Reyes*, a patroa da illa, con paredes brancas que destacan sobre o arboredo e alxibes cheos de auga para quen chegue ao lugar con sede.

Non quixen despedirme de El Hierro sen facer unha visita ás súas árbores máis icónicas, as centenarias sabinas que medran na **meseta de La Dehesa**, a novecentos metros de altura, e están retorcidas até límites insospeitados pola forza dos ventos alisios que suben a **toda velocidade desde o val de El Golfo**, polo que son un magnífico exemplo de resistencia ás inclemencias do medio.

Non podía haber unha despedida mellor dunha illa que me deixou para sempre engaiolado.